



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 345

IX lexislatura

22 de setembro de 2014

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia [80162](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Retirada da iniciativa en Comisión

- 26389 (09/POC-003769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre a información, as achegas realizadas e a valoración do Goberno galego respecto das medidas de redución do gasto público propostas polo Ministerio de Facenda ao Consello de Política Fiscal e Financeira o 30 de xullo de 2014 [80165](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición de lei e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. A proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de novembro de 2012.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2012, admitiuna a trámite e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

1.3. A proposición de lei foi tomada en consideración na sesión do Pleno do 25 de febreiro de 2014.

1.4. O Grupo Parlamentario Popular formulou 9 emendas parciais e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou 11, que foron cualificadas o 9 de abril de 2014.

2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

2. 1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 13 de maio de 2014, designou os seguintes ponentes:

G.P. Popular de Galicia:

Dª Paula Prado del Río (titular).

D. Pedro Puy Fraga (suplente).

G.P. dos Socialistas de Galicia

Dª Beatriz Sestayo Doce (titular).

Dª María Soledad Soneira Tajés (suplente).

G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

Dª Yolanda Díaz Pérez (titular).

D. José Javier Ron Fernández (suplente).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (titular).

Dª María Tereixa Paz Franco (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 20 de xuño de 2014.

As restantes reunións leváronse a cabo o 2 de xullo e o 12 de setembro de 2014. Nesta última sesión rematouse o informe.

3. Elaboración do informe

a) Emendas cuxa aceptación recomenda a Ponencia

Recoméndase a aceptación das emendas números 2 e 5 do Grupo Parlamentario Popular.

b) Emendas transaccionais cuxa aceptación recomenda a Ponencia

Recoméndase a aceptación das emendas transaccionais seguintes:

-Emenda transaccional elaborada coa emenda número 3 do Grupo Parlamentario Popular, que se incorpora no artigo único, no punto referido á modificación do artigo 9.1 da lei, e que ten a seguinte redacción:

«1. As sinaturas recollidas figurarán nos pregos a que fai referencia o artigo anterior e tamén se poderán recoller a través de sinatura electrónica, conforme o que estableza a lexislación correspondente nesta materia.

A Xunta Electoral de Galicia establecerá os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.»

-Emenda transaccional elaborada coas emendas números 6 do Grupo Parlamentario Popular e 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que se incorpora no artigo único, no punto referido á modificación do artigo 11 da lei, e que ten a seguinte redacción:

«Artigo 11.

Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a Mesa ordenará a publicación da proposición e a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 123 do Regulamento da Cámara. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria do debate de toma en consideración da correspondente iniciativa deberá producirse nun dos dous plenos ordinarios seguintes que se celebren, unha vez que esta teña cumpridos todos os trámites establecidos na lexislación vixente e no Regulamento da Cámara.»

-Emenda transaccional elaborada coa emenda número 8 do Grupo Parlamentario Popular, que se incorpora na disposición transitoria única da proposición de lei para que sexa coherente coa transacción efectuada coa emenda número 3 dese mesmo grupo en relación co artigo 9.1 da lei, que se modifica no artigo único da proposición de lei. A emenda transaccional ten a seguinte redacción:

«Disposición transitoria única

A Xunta Electoral de Galicia disporá dun prazo de seis meses, desde a entrada en vigor desta norma, para a elaboración das disposicións necesarias que permitan o uso da sinatura electrónica prevista no artigo 9 da lei.»

c) Emendas rexeitadas

Recoméndase o rexeitamento da emenda 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Igualmente, por razóns xurídicas, suxírese o rexeitamento das emendas números 7 e 8 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. En relación coa primeira, se a vontade maioritaria é non atribuírle eficacia retroactiva á lei modificativa para que non sexa aplicable ás iniciativas lexislativas populares que se iniciasen antes da súa entrada en vigor, os procedementos en curso seguiranse regulando pola lei anterior á súa reforma, polo que a lei modificativa será aplicable a aquelas iniciativas que inicien a súa tramitación a partir da súa entrada en vigor.

Verbo da emenda número 8, o Estatuto de autonomía de Galicia establece unha reserva material de regulamento parlamentario para regular a organización e o funcionamento da Cámara, polo que esta competencia, que ten unha orixe constitucional, debe ser respectada polas leis.

d) Emendas pendentes

Quedan pendentes para a Comisión o resto das emendas.

4. Texto articulado do informe

Exposición de motivos

A Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, regula o mandato estatutario que habilita o mecanismo para que a cidadanía galega poida exercer a iniciativa lexislativa.

O Parlamento galego, con esa lei, dotou o pobo dun instrumento de participación activa na actividade lexislativa e mesmo determinou os asuntos obxecto desa posibilidade.

Hoxe é patente que nesa norma hai lagoas que convén corrixir co fin de lles dar un impulso e un maior apoio ás fór-

mulas directas de participación das cidadás e dos cidadáns nos asuntos públicos. Con este obxecto, amplíase o universo de persoas que poden promover e apoiar iniciativas legislativas populares aos maiores de dezaseis anos, coa finalidade de favorecer que as súas opinións e propostas teñan canles para se expresar directamente. Redúcese o número de sinaturas precisas para que estas poidan ser debatidas co obxecto de favorecer que cheguen á Cámara galega un maior número de inqedanzas das cidadás e dos cidadáns galegos e habilítase a posibilidade de recoller sinaturas electronicamente, a fin de adaptar esta norma ao uso das novas tecnoloxías.

Para establecer garantías dun debate rápido das normas promovidas polo pobo, fíxase o itinerario que debe seguir a norma para ser tratada no Pleno, unha vez cumpridos todos os requisitos que a lei establece, e mesmo cándose se debe producir o debate para a súa toma en consideración.

É necesario que as persoas impulsoras da iniciativa saiban con certeza cal vai ser o prazo aproximado e máximo de debate da iniciativa unha vez que se cumpriron todos os trámites e está en disposición de poder ser incluída na orde do día do Pleno. Así, ademais, evitaríase a posibilidade, que acontece coa redacción actual da lei, de que un grupo con maioría na Cámara poida dilatar, case sen límite e pola súa conveniencia, o debate dunha iniciativa legislativa popular.

Finalmente, establécese un cambio en relación cos medios económicos á disposición das persoas que queiran promover iniciativas legislativas populares. A redacción orixinal só prevía axudas para os gastos destas iniciativas cando fosen tomadas en consideración. Esta previsión non semella xusta e introduce unha discriminación en relación coas posibilidades de poder impulsar este tipo de iniciativas. Para superar esta situación e garantir idéntico apoio económico, incorpórase a previsión de axudas para os gastos ocasionados para a tramitación das iniciativas unha vez que son aceptadas pola Mesa do Parlamento e completan o número de sinaturas precisas para poder ser debatidas.

Artigo único. Modificación da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

Un. Modifícase o artigo 1 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, que queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 1

Poden exercer a iniciativa legislativa prevista no artigo 13.1 do Estatuto de autonomía as persoas maiores de idade que gocen da condición política de galegos e galegas e se atopen inscritos no censo electoral, así como as persoas maiores de 16 anos empadroadas en territorio galego.»

Dous. Modifícase o artigo 2 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, que queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 2

A iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia exerceuse por medio da presentación de proposicións de lei asinadas, cando menos, por dez mil das cidadás e dos cidadáns referidos no artigo anterior.»

Tres. Engádeselle ao artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, un novo parágrafo que queda redactado co seguinte texto:

«Os servizos xurídicos do Parlamento de Galicia deben asesorar os membros da Comisión promotora para lles facilitar o cumprimento dos requisitos formais.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 9 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, que queda redactado co seguinte texto:

«1. As sinaturas recollidas figurarán nos pregos a que fai referencia o artigo anterior e tamén se poderán recoller a través de sinatura electrónica, conforme o que estableza a lexislación correspondente nesta materia.

A Xunta Electoral de Galicia establecerá os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.»

Cinco. Engádeselle ao artigo 9 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia, un novo punto 6, que queda redactado co seguinte texto:

«6. A comisión promotora será responsable de que os datos persoais que consten no seu poder sexan tratados con respecto á lexislación aplicable en materia de protección de datos, garantindo, particularmente, que os ditos datos non serán utilizados para fins distintos do apoio declarado a esa iniciativa.»

Seis. Modifícase o artigo 11 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, que queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 11

Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a Mesa ordenará a publicación da proposición e a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 123 do Regulamento da Cámara. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria do debate de toma en consideración da correspondente iniciativa deberá producirse nun dos dous plenos ordinarios seguintes que se celebren, unha vez que esta teña cumpridos todos os trámites establecidos na lexislación vixente e no Regulamento da Cámara.»

Sete. Modifícase o artigo 13 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, que queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 13

O Parlamento resarcirá a comisión promotora dos gastos debidamente acreditados, até un máximo de 0,64 euros por sinatura e co límite máximo de 40.000 euros, sempre que a Mesa admita a trámite a proposta e teña o apoio do número de sinaturas establecido no artigo 2. Esta cifra poderá ser actualizada polo Parlamento.

O Parlamento pode acordar o outorgamento dun anticipo non superior a 3.000 euros para cubrir os primeiros gastos de recollida de sinaturas, a pedimento da comisión promotora, que debe xustificar o seu destino.»

Disposición transitoria única. *Regulación da sinatura electrónica*

A Xunta Electoral de Galicia disporá dun prazo de seis meses, desde a entrada en vigor desta norma, para a elaboración das disposicións necesarias que permitan o uso da sinatura electrónica prevista no artigo 9 da lei.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2014

Paula Prado del Río

Beatriz Sestayo Doce

Yolanda Díaz Pérez

Francisco Xesús Jorquera Caselas

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 19 de setembro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Retirada da iniciativa en Comisión

- 26389 (09/POC-003769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre a información, as achegas realizadas e a valoración do Goberno galego respecto das medidas de redución do gasto público propostas polo Ministerio de Facenda ao Consello de Política Fiscal e Financeira o 30 de xullo de 2014
BOPG nº 339, do 11.09.2014

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727